



CONCELLO
DE
SADA
(A CORUÑA)

Expte. Nº 12/17-P

CONVOCATORIA

Conforme co disposto pola Alcaldía, convócaselle á sesión do órgano que se indica, que se realizará na data, hora e lugar expresados, para tratar dos asuntos da Orde do Día transcrita.-

Sesión de: Pleno
Convocatoria: Ordinaria

Data da sesión: 30 de novembro de 2017
Hora: 20:00
Lugar: Casa do Concello

ORDE DO DÍA

- 1º.- Aprobación de actas de sesións anteriores.
 - 2º.- Revisión de prezos do contrato de xestión mediante concesión do servizo de piscina e pavillón polideportivo municipal.
 - 3º.- Aprobación definitiva da modificación do Regulamento de ficheiros de datos de carácter persoal.
 - 4º.- Concesión da Medalla do Municipio de Sada, na súa categoría de ouro, á entidade ASPACE.
- Control de Órganos de Goberno:**
- 5º.- Informes e comunicacións.
 - 6º.- Mocións.
 - 7º.- Rogos e preguntas.

O que se comunica para os correspondentes efectos.-

Sada, o Secretario que asina á marxe na data da sinatura dixital.-



NÚMERO 11/17

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO CONCELLO PLENO O DÍA 26 DE OUTUBRO DE 2017.-

Na Casa do Concello de Sada, ás vinte horas do día vinte e seis de outubro de dous mil dezasete, reúnese o Pleno do Concello en sesión ordinaria que se celebra en primeira convocatoria, baixo a presidencia do Alcalde D. Óscar Benito Portela Fernández, estando presentes os concelleiros D. Ernesto Anido Varela, D^a. Raquel Bolaño Fariñas, D^a. Zeltia Natividade García Ben, D. Alberto Manuel García Cotelo, D^a. María José García Freire, D. José Emilio Gómez López, D. Marcos López Mallo, D. Francisco José Montouto Pérez, D^a. María Pardo Fafián, D^a. María del Carmen Pose Varela, D^a. Isabel Reimundez Suárez, D. Ramón Rodríguez Ares, D^a. María Soraya Salorio Porral, D. Xosé Lois Suárez Becerra, D. José Luís Tellado Villares e D. Miguel Tenreiro Bouza, asistidos polo Secretario da Corporación, D. Emilio Seijo Frías. Está presente o Interventor, D. Jaime Presas Beneyto.-

Aberta a sesión pola Presidencia, procédese ao exame dos asuntos da Orde do Día, adoptándose os seguintes acordos:

1º.- Aprobación de actas de sesións anteriores.-

Apróbanse por unanimidade as actas das sesións anteriores nº 7 de 27-7-2017 e nº 10 de 28-9-2017.-

2º.- Expediente de modificación de crédito 34/2017. Crédito extraordinario 4/2017: Invetimentos financeiramente sostibles.-

Dáse conta do ditame favorable emitido pola Comisión informativa Xeral en reunión de 23 deste mes de outubro sobre a proposta da Alcaldía de concesión de crédito extraordinario para a realización de invetimentos financeiramente sostibles en contía de 843.766,97.- euros, con recursos exclusivamente municipais, que o sr. Alcalde procede a expoñer explicando o motivo de cada investimento e a súa importancia para a mellora da calidade de vida dos veciños.-

O sr. Anido solicita que o asunto quede sobre a mesa para debatelos en xunta de portavoces, petición que é rexeitada por sete votos a favor e dez en contra.-

Maniféstanse a favor da proposta os grupos Sadamaioría, PSOE, PDSP e BNG. O sr. Gómez, voceiro do grupo PDSP, di que para non xogar cos cartos dos veciños era necesaria unha análise minuciosa desta proposta, que foi negociada de xeito que é a proposta do goberno municipal pero tamén agora do PDSP, ademais xa hai proxectos ou memorias das obras e foi correcta a convocatoria de comisión. Polo grupo PP, o sr. Anido di que se trata da mesma proposta de setembro, non cambiou nada, que o sr. Alcalde incumpriu o que dixera sobre convocatoria da xunta de voceiros para tratar da proposta, polo que o seu grupo envioulle unha carta en protesta por dito incumprimento e poñendo de manifesto que ao seu xuízo non se cumpren varios requisitos no expediente, e di que non apoiarán a proposta por non contar co grupo PP que é o maioritario, e pola súa falta de ideas xa que se trata de rebacheos e obras de formigón. A sra. Bolaño di que o seu grupo votará a favor porque se trata de obras necesarias para Sada e o que debe prevalecer a busca de acordos en beneficio dos cidadáns. O sr. Anido reitera que votarán en contra da proposta porque o sr. Alcalde non contou co PP, porque se gasta nun parque infantil unha cantidade que serviría para arranxalos todos e se reparan camiños, pero hai outros investimentos mais necesarios que meras obras de mantemento. O sr. Alcalde di que o grupo PP tivo catro reunións de órganos colexiados para debater este asunto e facer as achegas que considerasen oportunas, pero non o fixeron.-

Sometido o asunto a votación apróbase por maioría, con dez votos a favor dos grupos Sadamaioría, PSOE, PDSP e BNG e sete en contra do grupo PP, o seguinte acordo:

1º.- Aprobar inicialmente o expediente de modificación de créditos 34/2017, na modalidade de crédito extraordinario, para o financiamento de investimentos financeiramente sostibles con cargo ao remanente de tesourería para gastos xerais resultante da Liquidación do Orzamento para o exercicio 2016 aprobada por decreto da Alcaldía 887/2017, debendo ser incrementados os créditos correspondentes ás aplicacións e conceptos que se detallan a continuación por un importe global de 843.766,97.- euros segundo o seguinte detalle:

Estado de gastos:

Aplicación	Denominación	Importe
1532.61900	Pavimentación de vías públicas urbanas. Invetimento de reposición	208.000,00
171.61900	Parques e xardíns. Invetimento de reposición	272.907,03
453.61900	Camiños. Invetimento de reposición	362.859,94
Total		843.766,97

Estado de ingresos:

Concepto	Denominación	Importe
87000	Remanente de tesourería para gastos xerais	843.766,97
Total		843.766,97



CONCELLO
DE
SADA
(A CORUÑA)

2º.-

Expoñer ao público o expediente mediante anuncio no Boletín oficial da provincia e no Taboleiro de Edictos do Concello por prazo de quince días hábiles para presentación de reclamacións conforme ao disposto nos artigos 177 e 169.1 do Real Decreto Lexislativo 2/2004 de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, considerándose aprobado definitivamente no caso de non presentarse reclamacións durante dito período de exposición pública.-

3º.- Modificación de crédito 40/2017. Transferencia de crédito 19/2017.-

O sr. Alcalde expón a proposta, ditaminada favorablemente pola Comisión Xeral, de transferencia de crédito como consecuencia de actividades realizadas e novas necesidades e prioridades xurdidas.-

Maniféstanse a favor todos os grupos, agás o PP, por parte do cal o sr. López Mallo considera que se trata de gastos xa realizados, feitos ilegalmente en contra das Bases de Execución do Presuposto, ademais increméntase o crédito para gasto en festas cando xa por un decreto deste mes se transferira a festas fondos da partida de cultura, de xeito que en cinco meses esta partida sofre unha desviación negativa do 30%, o que significa que o Presuposto estaba mal calculado e hai falta de rigor; a pesar desta mala xestión do goberno municipal votarán a favor para non prexudicar aos provedores que fixeron os traballos. A sra. Bolaño di que o grupo PP, en vez de absterse e non dialogar puido preguntar sobre os motivos desta modificación no debate da Comisión para non dicir logo cousas incertas, e ela lles tería explicado a finalidade das transferencias, xa que os nomes das partidas son xenéricos; di que houbo propostas previas para a realización dos gastos. A sra. Pardo quere aclarar que aínda que a partida se denomine festas, van a ela cousas que non son festas propiamente ditas senón atencións diversas das áreas de cultura, turismo e educación.-

Efectuada a votación, apróbase por unanimidade o seguinte acordo:

1º.- Aprobar inicialmente o expediente de modificación de créditos 40/2017, na modalidade de transferencia de crédito, segundo o seguinte detalle:

TRANSFERENCIA DE CRÉDITO:

Estado de gastos. Aplicación que incrementa crédito:

Aplicación	Denominación	Importe
3230.21200	Educación. Mantemento de edificios	15000
3231.21200	Educación infantil. Mantemento de edificios	10000
337.21200	Ocio. Mantemento edificios e outras construcións	5000
337.22199	Ocio. Outros subministros	3000
338.22626	Festas	23000
432.22602	Turismo. Publicidade	2000
453.21000	Camiños. Mantemento	7000
	Total	65000

Estado de gastos. Aplicación que cede crédito:

Aplicación	Denominación	Importe
9201.13000	Servizos de mantemento. Básicas laboral	9259,94
9201.13002	Servizos de mantemento. Complementarias laboral	9542,12
9201.16000	Servizos de mantemento. Seguridade social	6881,55
931.12001	Servizos económicos. Básicas A2	14445,98
931.12100	Servizos económicos. C Destino	8462,28
931.12101	Servizos económicos. C Específico	11139,96
931.16000	Servizos económicos. Seguridade Social	5268,17
	Total	65000

2º.- Expoñer ao público o expediente mediante anuncio no Boletín oficial da provincia e no Taboleiro de Edictos do Concello por prazo de quince días hábiles para presentación de reclamacións conforme ao disposto nos artigos 177 e 169.1 do Real Decreto Lexislativo 2/2004 de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, considerándose aprobado definitivamente no caso de non presentarse reclamacións durante dito período de exposición pública.-

Control de Órganos de Goberno:

4º.- Informes e comunicacións.-

- O concelleiro delegado de Urbanismo sr. Montouto informa á Corporación da Orde de 11-10-2017 da Consellaría de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio pola que se aproba definitivamente de forma parcial e condicionada o Plan Xeral de Ordenación Municipal, explicando o condicionamento establecido por dita norma e a suspensión da aprobación da área da UEI-8, as previsións da Consellaría sobre publicación desta Orde, e as previsións do goberno municipal para iniciar a execución do PXOM de acordo co seu programa de actuacións.-



- Dáse conta ao Pleno das Resolúcións ditadas pola Alcaldía no período de 25-9-2017 a 23-10-2017.-

5º.- **Mocións.-**

Ao abeiro do artigo 64 do Regulamento Orgánico, preséntanse as seguintes mocións de urxencia.-

5.1º.- **Moción contra lumes forestais e polo desenvolvemento rural.-**

O sr. Suárez presenta a moción dos grupo BNG contra os lumes forestais e polo desenvolvemento rural, xustificando a súa urxencia na dimensión que acada en Galicia a lacra dos lumes forestais e a importancia dos danos que orixina, incluso con perda de vidas humanas.-

Apróbase por maioría a urxencia da moción, con sete votos en contra do grupo PP e dez votos a favor do resto dos grupos, e o sr. Suárez procede á súa exposición, censurando a actuación do goberno autonómico que carece dunha política preventiva e de ordenación, derogou a lei de prevención e defensa contra incendios forestais de 2007 e rebaixou as obrigas e medidas de prevención, e que bota a culpa ao vento e outras causas sen asumir as súas responsabilidades. O sr. Gómez, polo grupo PDSP, maniféstase a favor da moción. A sra. Bolaño anuncia o voto favorable do grupo PSOE e critica a política da Xunta e do seu presidente, que anunciou axudas aos afectados e logo foise desdicindo, e cre que é preciso reflexionar sobre a política forestal. O sr. Montouto censura tamén a política do goberno autonómico do PP en materia de incendios forestais, considerando que é un asunto que non lles interesa dado que adoptan medidas como conxelar as partidas orzamentarias para brigadas de extinción ou os convenios cos concellos para defensa contra o lume, considera que é necesario un plan de emerxencia nacional forestal e agrario; anuncia o voto a favor do seu grupo. A sra. Salorio considera que Galicia non arde, senón que a queiman, trátase de atentados magnificados nas súas consecuencias polas circunstancias meteorolóxicas adversas; expón os cuantiosos medios materiais e persoais utilizados pola Administración autonómica para combater os incendios forestais; o centro da cuestión é que o 75% dos lumes foi provocado, é necesario concienciar á poboación de que hai que denunciar aos incendiarios; da diversos datos a actuación da Xunta e as medidas tomadas fronte á vaga de incendios; por estes motivos o seu grupo votou en contra da urxencia da moción.-

- Sendo as vinte e unha horas e trinta e dous minutos abandona a sesión o concelleiro sr. Rodríguez Ares.-

Interveñen novamente os membros que o fixeron en primeira quenda polos grupos BNG, PSOE, Sadamaioría e PP, que debaten longamente sobre a materia á que se refire a moción. O sr. Alcalde considera que a solución ao problema dos incendios forestais debe ser estrutural, pasa polo cambio da política agraria, mediante unha ordenación territorial e a posta en valor dos produtos agrarios, non pode ser que o 77% da superficie agraria útil estea abandonada; considera tamén que hai que cambiar a lei, para facer posible a entrada inmediata nas fincas abandonadas polos seus propietarios.-

Sometido o asunto a votación apróbase por maioría, con nove votos a favor dos grupos Sadamaioría, PSOE, PDSP e BNG e sete votos en contra do grupo PP, o seguinte acordo:

Instar a xunta de Galicia a:

1. Executar unha política de desenvolvemento rural que reverta o abandono dos núcleos rurais e das explotacións agrarias e forestais.
2. Realizar, de xeito consensuado coas restantes forzas políticas e axentes sectoriais e sociais implicados, as modificacións lexislativas necesarias para a posta en valor do dolo forestal, e regule adecuadamente os problemas estruturais a nivel de ordenación do espazo rural e de medidas preventivas.
3. Acometer unha política forestal baseada no aproveitamento multifuncional do monte e na reversión do monocultivo de especies pirófitas.
4. Establecer un único protocolo de emerxencias a nivel nacional que evite a descoordinación e a dispersión xeográfica e de mandos.
5. Asumir as súas responsabilidades en materia de prevención mediante:
 - Maior implicación dos Distritos Forestais na colaboración cos concellos en materia de limpeza e vixilancia.
 - O establecemento e mantemento de faixas de protección.
 - Incrementar os orzamentos para as liñas de axuda destinadas a limpeza e na primeira parte do ano natural e previamente a entrada do período de risco.
6. Reformular o Servizo de Defensa Contra Incendios Forestais dunha forma integral e baixo un mando único (eliminando as brigadas municipais), de xeito que se garanta a súa coordinación, profesionalización e homologación tanto en formación como equipamento e condicións laborais.-

5º.2.- **Moción do Grupo BNG sobre a situación en Cataluña.-**

O sr. Suárez presenta a moción dos grupo BNG sobre a situación en Cataluña, xustificando a súa urxencia nas graves consecuencias que está producindo en Cataluña a aplicación do artigo 155 da Constitución.-

Sometida a votación a urxencia da moción, resulta a mesma desestimada por maioría, con dez votos en contra dos grupos PP, PSOE e PDSP e seis votos a favor dos grupos Sadamaioría e BNG.-

6º.- **Rogos e preguntas.-**



CONCELLO
DE
SADA
(A CORUÑA)

O sr. Gómez fai as seguintes preguntas:

- 1) Pregunta ao sr. Alcalde se sabe cal é o grupo desta Corporación que mais veces votou a favor do PXOM recentemente aprobado pola Xunta. O sr. Alcalde responde que lle responderá despois de comprobar as actas. O sr. Gómez replica que foi o PDSP.-
- 2) Pregunta se os arquitectos D. Antonio Ramón Albacete Giménez e D. Antonio Balboa Pombo realizaron algún traballo para o Concello nos períodos 2007-2011 e 2011-2015. O sr. Alcalde responde que lle contestará por escrito.-
- 3) Pregunta se o sr. Alcalde sabe que a sra. Salorio Porral está imputada. O sr. Alcalde responde que o descoñece. O sr. Gómez di que a sra. Salorio Porral está imputada e que ten que declarar en novembro, ela e o sr. Anido.-

O sr. Tellado presenta as seguintes preguntas:

- 1) Se existe algunha razón non exposta que xustifique a adxudicación da redacción do proxecto da reparación da capela de San Roque. Responde a sr. Pardo que xa se lles contestou por escrito e que non existe ningunha razón a maiores.-
- 2) Pregunta tamén se nestes case tres anos foi contratada por concurso a redacción dalgún dos proxectos que se realizaron. Responde o sr. Alcalde que o comprobará e lle contestará.-

A sra. García Freire lee un escrito que segundo afirma foille remitido por un veciño, que contén unha queixa verbo da adxudicación por sorteo dos cursos para maiores de 55 anos coa consecuencia de que uns teñen tres curso e outros ningún. Pregunta a sra. García se existiu algún fallo para que se producira esta situación. Responde a sra. Reimúndez que a demanda foi moi alta, que o cambio na adxudicación foi por criterio técnico e que se está traballando para cubrir todas as prazas que están en lista de espera.-

A sra. Pose fai os seguintes rogos e preguntas:

- 1) Pregunta por un rogo presentado dous ou tres meses atrás, relativo a coches que aparcan na zona entre o náutico e a terraza e ocupan praza varios días, tendo todos eles un mesmo número de venda. Contesta a sra. Reimúndez que se lle comunicou a policía local que é a que ten competencias nese tema. Indica o sr. Alcalde que foi comprobado efectivamente este feito pero que aínda que existe unha ordenanza para retirar os coches abandonados, neste caso concreto cre que non hai base legal para retiralos inmediatamente.-
- 2) Roga que o acto de entrega da Medalla da Vila á entidade ASPACE se realice antes do 31-12-2017 coincidindo co ano do aniversario. O sr. Alcalde indica que a medalla de ouro se levará ao pleno de novembro e posteriormente farase un acto de entrega.-

O sr. Anido fai as seguintes preguntas:

- 1) Pregunta por que se rin cando falan os membros do seu grupo, dado que estes actúan con respecto cando falan os membros doutros grupos.-
- 2) Roga que se conteste o antes posible aos dous escritos presentados pedindo que se aclarasen unha serie de feitos da sesión nº 7/2017 e solicitando certificados de acordos plenarios.-
- 3) Pregunta se lle parece ben ao sr. Alcalde a contratación de auxiliares da policía local e en concreto o gasto no mes de agosto de 22.600 euros en sobresoldos. Responde o sr. Alcalde que dada afluencia de xente no mes de agosto e as carencias do cadro de persoal da policía local foi necesaria a contratación de auxiliares e o pagamento de horas extras, el preferiría poder ter un cadro de persoal mais amplo en vez de pagar horas extras, pero os concellos están sometidos a restricións neste aspecto, a pesar de que logo todo son esixencias, como a da Delegación do Goberno de que os concellos vixien os lumes forestais.-

Non habendo outros asuntos que tratar, ás vinte e dúas horas e dous minutos do día ao comezo indicado, o sr. Alcalde levanta a sesión, da que se estende esta acta. Do que eu, o Secretario, dou fe.-

A través da páxina web do Concello pódese acceder aos arquivos asinados dixitalmente por este Secretario que conteñen a gravación de imaxe e son desta sesión, coas distintas intervencións dos participantes.-